



BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA ZONA ESPECIAL DE CONSERVACIÓN –ZEC- DA SERRA DO XISTRAL (LIFE IN COMMON LAND) QUE APLIQUEN MODELOS DE XESTIÓN BASEADOS EN RESULTADOS DE CONSERVACIÓN

A presente liña de axudas insírese no proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land – Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación” aprobado o 24 de maio de 2017 pola Comisión Europea, e máis concretamente pola Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises (EASME) e plasmado na formalización do Grant Agreement (Acordo de Subvención) entre o Beneficiario Coordinador (a Deputación Provincial de Lugo) e a Comisión Europea, sendo a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de A Coruña (UDC) beneficiarios asociados.

1. DEFINICIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land –Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación” para realizar os Pagos por Resultado de Conservación as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) que desenvolven a súa actividade de acordo ao Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación.

Esta tipoloxía de pagos responden á iniciativa pioneira do proxecto LIFE in Common Land de implantar un Esquema de pagos por resultados de Conservación para a conservación de hábitats prioritarios de turbeira e queirogal húmido na ZEC Serra do Xistral a través dun manexo do pastoreo extensivo de gando vacún e cabalar realizado por parte das comunidades dos Montes Veciñais en Man Común implicados.

A concesión destas subvencións responde aos efectos positivos sobre os hábitats prioritarios que se realiza deste manexo sostible do gando e do territorio, sustentando no Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación desenvolvido pola Universidade de Santiago de Compostela (Campus Terra de Lugo) e a Universidade da Coruña dentro do proxecto LIFE in Common Land. Estas subvencións están vinculadas a uns resultados e conlevan unha carga modal no senso de que os beneficiarios das mesas deberán manter o Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación segundo o establecido no proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land – Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”.

Este obxectivo responde ao interese público de protección e mellora do noso entorno natural, e para atender aos retos establecidos polo Pacto Verde Europeo, a Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030 e o cumprimento da Directiva Hábitats.



O Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación é adoptado e integrado pola Comunidade de Monte Veciñal en Man Común para levalo á práctica e acadar hábitats prioritarios de turbeiras e queirogais húmidos. Estes modelos están baseados no cumprimento dun resultado ambiental, a mellora e mantemento do estado de conservación dos hábitats prioritarios; inclúen as directrices de xestión dos hábitats prioritarios en cuestión, levan aparellados uns indicadores deste resultado, programan as principais actuacións a realizar co obxectivo de manter e mellorar os hábitats prioritarios e estrutúrase de forma que se poidan integrar directamente nos Proxectos de Ordenación Forestal de cada Monte Veciñal en Man Común.

As actividades establecidas para manter e mellorar o estado de conservación dos hábitats prioritarios son, entre outras, o mantemento e manexo sostible do aproveitamento tradicional dos cabalos salvaxes e gando vacún nos hábitats prioritarios, o control da vexetación dos hábitats con fins de melloralos, o mantemento e mellora das vías de comunicación e corrección de impactos das mesmas, a xestión das infraestruturas de xestión gandeira como cercados e bebedeiros para evitar danos nos hábitats, a corrección hidrolóxica ou topográfica.

2. RÉXIME DA CONVOCATORIA

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito dispoñible, de tal xeito que a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes achegadas polos interesados, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de avaliación fixados no apartado 10 de avaliación de solicitudes, co límite do crédito dispoñible.

As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) que aplicasen Modelos de Xestión Baseados en Resultados de Conservación, se encadran dentro do sector económico de actividades de apoio á gandería (código sector económico 01.62). Esta axuda ten unha finalidade doutras actuacións de carácter económico (código finalidade 18), sendo un impacto de xénero nulo (código de impacto de xénero 2).

Estes códigos refírense á información para a base de datos nacional de subvencións.

Pódese consultar a **Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo** no enlace: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

3. CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

1. As subvencións que se concedan no marco do proxecto *“LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land –Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”* para asignar os Pagos por Resultados de Conservación as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) que desenvolven a súa actividade de acordo ao Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación terán carácter voluntario e eventual e non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.



2. A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

3. En calquera caso, a Deputación Provincial de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outro tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

4. ORZAMENTO

O importe máximo destinado á concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións no marco do proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land –Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación” para executar/asignar/realizar os Pagos por Resultados de Conservación das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) que desenvolven a súa actividade de acordo ao Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación ascende a de trescentos mil euros (300.000,00 €), tal e como se recolle na acción B1 *Pagos compensatorios por aplicación de Modelos de Xestión Baseados en Resultados de Conservación* do Grant Agreement do proxecto LIFE in Common Land, con cargo ás aplicacións orzamentarias 1723.4890055 (249.734,95 €) e 1723.48900 (50.265,05 €) do vixente Orzamento Xeral (ano 2022), e cuxa previsión encaixa dentro dos obxectivos (estratéxicos e específicos) da Liña 10.1 da Área de Medio ambiente do vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo (2020-2022).

5. GASTOS SUBVENCIONABLES

No marco do proxecto, iniciado no ano 2017, facilitáronse aos propietarios dos Montes Veciñais en Man Común, que traballan no marco do Proxecto LIFE in Common Land, o Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación, no que se recollen recomendacións de xestión a través de medidas de mantemento ou mellora de hábitats a través do manexo sostible do gando vacún e de cabalos salvaxes, o mantemento e mellora das vías de comunicación e corrección de impactos das mesmas, a xestión de infraestruturas de xestión gandeira e correccións topográficas ou hidrolóxicas co obxectivo de manter ou acadar o bo estado de conservación nos Hábitats de Interese Comunitario 7110* Turbeiras altas activas, 7130* Turbeiras de cobertor activas e 4020* Queirogais húmidos atlánticos.

En base ao anteriormente exposto, terán a consideración de gastos subvencionables os Resultados de Conservación, asignados en función da superficie de presenza dos Hábitats de Interese Comunitario (7110*, 7130* y 4020*) no monte, incluída na ZEC Serra do Xistral (ES1120015), e o seu estado de conservación (Bo (FV), Medio (U1) e Suficiente (U2)), determinado a partir do Conxunto de Indicadores deseñados no proxecto LIFE in Common Land (véxase metodoloxía e criterios no Anexo III), de acordo ás tarifas establecidas no Esquema de Pagos (incluído no apartado 8). A subvención outorgarase polo período comprendido polas anualidades 2019, 2020 e 2021.



6. BENEFICIARIOS

- Requisitos:

1. Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións no marco do proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land –Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación” as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común nas que concorran as seguintes condicións:

a) Que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario .

b) Que non teñan pendentes de xustificación subvencións outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para súa presentación finalizase.

c) Que estean inscritas no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común (dende o 1 de xaneiro de 2019).

d) Que pertencan á Zona Especial de Conservación –ZEC- da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) dende o 1 de xaneiro de 2019.

e) Que apliquen o Modelo de Xestión Baseado en Resultados De conservación nos hábitats das áreas comunais (concretamente o mosaico dos hábitats 7110*, 7130* e 4020*) a través do manexo sostible do gando vacún e de cabalos salvaxes, o mantemento e mellora das vías de comunicación e corrección de impactos das mesmas, a xestión de infraestruturas de xestión gandeira e correccións topográficas ou hidrolóxicas para manter ou acadar o bo estado de conservación destes hábitats no trienio 2019, 2020 e 2021 (dende o 1 de xaneiro de 2019).

f) Que teñan incluído o Modelo de Xestión baseado en Resultados de Conservación no seus Proxectos de Ordenación Forestal aprobados ou en proceso de aprobación.

2. Deberá nomearse un representante legal ou apoderado único da CMVMC, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, correspondan á CMVMC.

- Obrigas:

a) Os beneficiarios estarán sometidos en todo caso ás obrigas previstas nos artigos 11 e 29.4 da LSG e nos artigos 14 e 31.4 da LXS, así como os que se deriven do contido das presentes bases.

b) Deberán cumprir cos requisitos establecidos no artigo 125 da Lei de Montes de Galicia e no proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land –Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación.





7. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE; aspectos desenvolto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente para a xestión e tramitación do expediente correspondente.

8. IMPORTE DA SUBVENCIÓN

- a) O importe da subvención a conceder, por entidade solicitante, terá un importe mínimo de 300,00 €.
- b) O importe da subvencións a conceder, por entidade solicitante, estará determinada pola superficie de presenza dos Hábitats de Interese Comunitario (concretamente os hábitat 4020* Queirogais húmidos atlánticos, 7110*Turbeiras altas activas e 7130* Turbeiras de cobertor activas) no monte, incluída na ZEC Serra do Xistral (ES1120015), e o seu estado de conservación (Bo (FV), Medio (U1) e Suficiente (U2)), determinado a partir do Conxunto de Indicadores deseñados no proxecto LIFE in Common Land (consultar a descrición das categorías do estado de conservación no Anexo III), de acordo ás tarifas máximas establecidas no Esquema de Pagos, recollido a continuación.

Estado de Conservación (EC)	Categoría de pago	€/año/ha* ¹	€/3años/ha* ²
FV	Bo	40	120
U1	Medio	20	60
U2	Suficiente	4	12

Esquema de Pagos por Resultados de Conservación.

*¹: prezo por hectárea e ano

*²: prezo por hectárea para o período de 3 anos polo que se outorgará a subvención (2019, 2020 e 2021).

No caso de que estas tarifas máximas superen o crédito total da convocatoria que ascende a 300.000 €, minorarase cada subvención proporcionalmente ao estado de conservación acadado por cada solicitante.

- c) Naquelas áreas nas que se executasen no trienio avaliado (2019, 2020, 2021) actuacións de mellora de conservación dos hábitats prioritarios en cuestión, como poden ser desbroces específicos, estas áreas poderán ser consideradas en estado de conservación bo a efectos dos pagos por resultados. Estas actuacións de mellora de hábitats son recoñecidas e valoradas adecuadamente no contexto desta subvención. A avaliación destas áreas para este fin farase a



través do Informe de Seguimento do Estado de Conservación dos Hábitats de Interese Comunitario do ano 2022, a realizar polas Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña e que será tido en conta pola Comisión de Valoración para a súa proposta de resolución desta convocatoria.

- d) Outorgarase a subvención, tendo en conta un período de 3 anos, correspondente coas anualidades 2019, 2020 e 2021 (en base á última columna do Esquema de Pagos do apartado 8.b).
- e) Soamente se concederá unha subvención por entidade solicitante.
- f) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar a modificación do acordo de concesión.

Estas subvencións (tal e como se indica na base 1) conlevan unha carga modal, xa que os beneficiarios das mesmas deberán manter o Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación segundo o establecido no proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land – Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”, motivo polo cal, con base no establecido no artigo 12.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación e no apartado 12.2 do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 da Deputación de Lugo, considérase un caso excepcional no que queda eximida a obriga de achegar unha porcentaxe de financiamento mínimo con fondos propios por parte dos beneficiarios das subvencións.

9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As entidades que queiran solicitar subvencións no marco do proxecto “LIFE 16/NAT/ES/000707 – LIFE in Common Land – Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación” para os Pagos por Resultados de Conservación ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) da Serra do Xistral (LIFE in Common Land) que desenvolven a súa actividade de acordo ao Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación deberán formular a súa solicitude, a través de medios electrónicos, nos modelos normalizados dispoñibles na Sede electrónica da Deputación <http://www.deputacionlugo.gal> e na forma determinada no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se algunha das entidades solicitantes presentase a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

A documentación complementaria tamén deberá presentarse electronicamente (no caso de que se presente presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica). As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.



Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro e/ou de expediente e o centro xestor (Medio ambiente) responsable do procedemento.

No caso de que algún dos documentos que se van a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

As entidades solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

A) **O Anexo I** (debidamente asinado polo representante legal da CMVMC) que contén:

- Os datos da entidade solicitante

O datos deben coincidir cos que constan na tarxeta (NIF) expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- -Os datos do/a representante legal da entidade.

e recolle unha declaración do/a representante legal relativa a:

1. As axudas concedidas e/ou solicitadas a outras administracións públicas e/ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.
2. Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se acompañan son certos.
3. Que cumpren cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.
4. Que aceptan as bases da convocatoria.
5. Autorización (ou non) á Deputación Provincial de Lugo para que solicite, se é o caso, os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.

B) Anexo II: Certificado do/a secretario/a da entidade no que deben constar os seguintes datos:

- Datos da entidade solicitante.

O datos deben coincidir cos que constan na tarxeta (NIF) expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- Datos do/a representante da entidade.

- Datos do/a secretario/a da entidade.



- Datos sobre o acordo de nomeamento do representante legal, (no caso de non ser xa o representante legal).
- Indicación de que os estatutos da entidade presentados están vixentes e inscritos no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

C) Documentación complementaria: Xunto co modelo normalizado de solicitude (Anexo I) e co Anexo II, as entidades solicitantes deberán remitir a documentación que se indica a continuación:

- Copia do NIF da entidade.
- Copia do NIF do/a representante legal.
- Copia do NIF do/a secretario/a.
- Copia dos Estatutos inscritos no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.
- Acreditación da inscrición da CMVMC no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común
- Proxecto de Ordenación Forestal do Monte Veciñal en Man Común, debidamente aprobado polo organismo competente, que inclúa o Modelo de Xestión baseado en resultados de conservación. No caso de que o Proxecto de Ordenación Forestal estea pendente de resolución, deberá acreditarse a solicitude de aprobación do Proxecto de Ordenación ao órgano competente e que dito proxecto incorpora o modelo de xestión baseado en resultados de conservación.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social para subvencións de importe superior a 3000 euros (no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos).
- Acreditación da superficie (ha) dos hábitats 7130* Turbeiras de Cobertor Activas, 7110* Turbeiras altas activas e 4020* Queirogais húmidos atlánticos presente no Monte Veciñal en - Man Común, dentro da ZEC Serra do Xistral, e que se atopa incluída no seu Proxecto de Ordenación Forestal. Dita información será revisada por técnicos competentes na Comisión de Avaliación.
- E, no seu caso, daqueles outros que conveñan para a definición e valoración da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nestas bases.

O **prazo** de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nas bases, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende a recepción do requirimento, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que si non o fai se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.



Así mesmo, o órgano instrutor poderá requirir ás entidades solicitantes para que aporten cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da solicitude ou para a súa tramitación e resolución.

Nesta convocatoria, cada entidade solicitante poderá formular unha única solicitude. No caso de presentar máis dunha solicitude, so sé terá en conta a primeira presentada no rexistro.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

10. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

1. O Servizo de Medio Ambiente, será o encargado de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da avaliación das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor.

A devandita Comisión de avaliación estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e o Secretario Xeral da Deputación Provincial. Ademais formarán parte desta comisión un técnico da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e 1 técnico da Universidade da Coruña.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Os funcionarios da Deputación e técnicos da USC e UDC que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Dado o carácter demostrativo e pioneiro deste proceso de pagos por resultados de conservación, a Comisión poderá invitar a membros de entidades da Unión Europea para asistir (con voz, pero sen voto) as reunións da Comisión de Avaliación e comprobar os resultados da mesma.

2. Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, serán remitidos polo Centro Xestor (Servizo de Medio Ambiente) á Comisión de avaliación para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

3. Criterios de avaliación do estado de conservación de hábitats:

As diferentes superficies dos Montes Veciñais en Man Común serán avaliadas por técnicos especialistas das Universidades de Santiago de Compostela (USC) e da Coruña, pertencentes ao proxecto LIFE in Common Land.

Este equipo técnico avaliará o estado de conservación dos hábitats segundo os criterios de avaliación recollidos no Anexo III (Avaliación simplificada do estado de conservación dos hábitats 4020*, 7110* e 7130* no marco do proxecto LIFE in Common Land), terá en conta o traballo realizado coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e o seguimento realizado durante o proxecto LIFE in Common Land nos últimos 3 anos (2019, 2020, 2021). A partir desta avaliación do estado de conservación dos hábitats prioritarios en cuestión, cuantifícanse os Pagos por Resultados de



Conservación, de acordo ao Esquema de Pagos (recollido no apartado 8). O equipo técnico elaborará o Informe de Seguimento do Estado de Conservación dos Hábitats de Interese Comunitario do ano 2022 que será considerado pola Comisión para o seu estudo e formulación da proposta de resolución.

4. Esta xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación da utilización dos recursos públicos.

11. ACORDO DE RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN

- Acordo de resolución provisional:

1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de avaliación, efectuará a proposta de acordo de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de avaliación utilizados, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 d outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles a contar dende a publicación no BOP para a presentación de alegacións.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos no BOP.

Así mesmo, o citado anuncio publicarase na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Trala publicación do citado anuncio cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido anuncio no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado anuncio no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.



- Acordo de resolución definitiva:

1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentar as solicitudes.

4. Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigaición de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3. b) da LPAC.



12. XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN

O beneficiario deberá achegar, no prazo máximo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do acordo de resolución definitiva no BOP de Lugo, a seguinte documentación:

- **Anexo IV:** Memoria das actividades realizadas nos anos 2019, 2020 e 2021 pola Comunidade de Monte Veciñal en Man Común, debidamente asinada polo representante legal.
- **Anexo V:** Declaración conxunta asinada polo representante legal.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que, a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos nas presentes bases da convocatoria.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada. A comunidade de Monte Veciñal en Man Común beneficiaria deberá colocar na súa sede social un cartel de tamaño mínimo A4 na que se faga constar a subvención recibida pola Deputación de Lugo e o Proxecto LIFE in Common Land, para o que seguirá o modelo recollido no **Anexo VI**.

Declaración responsable na que se faga constar que, no suposto de que o Plan de Ordenación Forestal estea pendente de resolución, a aprobación do mesmo será aportada na data límite do 30 de setembro de 2023 e, que de non obterse a súa aprobación, procederá ao reintegro da subvención cos intereses de mora correspondentes.

Declaración responsable de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 125 da Lei de Montes de Galicia e compromiso de mantemento de actuación acorde co establecido no Acordo de Subvención do proxecto LIFE in Common Land "*LIFE 16/NAT/ES/000707 Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación*", así como o recollido na lexislación sectorial aplicable.

- Certificación da conta bancaria
- Só no suposto de non ter autorizado á Deputación para solicitalos, certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (para subvencións de importe superior a 3000 euros).
- Acreditación de aprobación do Proxecto de Ordenación Forestal onde conste o Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación.



O centro xestor deberá axuntar á documentación xustificativa:

- O Anexo I de solicitude.
- Os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (no suposto de que a subvención sexa de importe superior a 3000 euros e de ter autorizado á Deputación para solicitalos).
- O informe da avaliación da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade da Coruña.
- Certificado favorable de comprobación *in situ*.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta bancaria facilitada polo representante legal da entidade beneficiaria.

13. REDUCIÓNS

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o importe da axuda concedida, procederase a redución da proporcional da subvención concedida pola Deputación.

Nestes casos citados, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento previo informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

14. RENUNCIA

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

15. CONTROL FINANCEIRO

A efectos de executar o control financeiro en materia de subvencións pola Intervención Provincial, exercerase segundo o establecido nos artigos 213 e 220 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, así como no Real



Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (artigos 1, 2 e 3 e Título III) e na LXS e demais normativa de desenvolvemento.

Segundo o artigo 44.2 da LXS, o referido control financeiro terá por obxecto verificar:

- a) A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- b) O cumprimento por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención.
- c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras.
- d) A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polos beneficiarios e entidades colaboradoras, fosen financiadas coa subvención.
- e) A adecuada e correcta financiación das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 19 desta lei.
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polos beneficiarios e entidades colaboradoras e que puideran afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

16. SUPOSTOS DE REINTEGRO

Estarase ao disposto no previsto nos artigos 41 a 43 da Lei Xeral de Subvencións, desenvolvidos polos artigos 94 e 95 do RLXS, e en calquera caso, ao disposto na normativa concordante vixente en cada momento.

No caso de que o Proxecto de Ordenación Forestal do Monte Veciñal en Man Común co devandito Modelo de Xestión baseado en Resultados de Conservación non estea aprobado e aportado con data 30.09.2023, a Comunidade do Monte Veciñal en Man Común deberá facer o reintegro da subvención cos xuros de mora correspondentes.

17. RÉXIME DE RECURSOS

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, ante a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-



administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado extracto da convocatoria no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

18. OUTRAS DISPOSICIÓNS

No non previsto nesta convocatoria estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020. (BOP núm. 82 de 13.04.2021).
- Regulamento Orgánico da Deputación (BOP núm. 202 do 03.09.2020).
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2020-2022.
- Modelo de Xestión baseado en Resultados de Conservación.

En Lugo, na hora e data das sinaturas dixitais

A técnico de xestión medioambiental
Andrea Macho Benito

O xefe do Servizo de Medio Ambiente
Luis J. Fernández Reija

CONFORME,
O deputado delegado da Área de Medio Ambiente
José Luis Raposo Magdalena